



## Concello de Oia

---

### DECRETO

Vista a resolución da Xunta de Goberno Provincial de data 09.10.2015 pola que se conceden fondos ao concello de Oia para a contratación de 20 traballadores desempregados que prestarán servizos un período de 2 meses.

Visto que a regulación provincial da subvención esixe a selección dos traballadores a través do servizo público de emprego, realizadas as ofertas de emprego e recibidas as listas de candidatos a seleccionar para cada posto.

Por todo isto e tendo en conta o establecido no artigo 21.1 g) da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e demais disposicións concordantes, esta alcaldía

### RESOLVE:

**PRIMEIRO:** Aprobar as seguintes bases que rexerán as probas que terán que superar os aspirantes aos postos de albanel e de mozos/as de recollida do lixo

#### **1. OBXECTO DO CONTRATO.**

A contratación realizarase por 2 meses, cunha xornada de 35 horas semanais, entre persoas desempregadas, sendo os traballos a desenvolver de interese xeral e social indispensables para o bo funcionamento da comunidade e o benestar dos veciños.

Os traballadores e traballadoras que se contraten para a realización deste servizo deberán ser **persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego, non perceptoras de prestacións ou perceptoras de prestacións sociais destinadas a garantir os recursos económicos mínimos de subsistencia (RISGA RAI, PREPARA ou outros similares).** Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato de interese social.

#### **2. RETRIBUCIÓNS.**

As retribucións mensuais por cada traballador/a serán:

Salario Base:	605,34 €/mes
Prorr.Pagas Extra:	100,89 €/mes.
Indemniz. Cese:	47,08 € ( a finalización)

#### **3. SELECCIÓN.**

Unha vez contestada pola Oficina de Emprego a oferta requerida coa lista dos candidatos preseleccionados, o Concello de Oia procederá á selección dos/as candidatos/as que mellor se axusten ás condicións dos postos segundo ós criterios de selección que se expoñen nestas bases.

Presupoñendo que os traballadores preseleccionados cumpren os requisitos de

---

Concello de Oia

C/ Vista Alegre, nº 3, Oia. 36794 Pontevedra. Tfno. 986362125. Fax: 986362268



## Concello de Oia

---

nacionalidade e idade, requeridos para o acceso ao emprego público, os traballadores/as en situación de desemprego deberán aportar, ademáis:

- a) Declaración xurada de non estar incurso en causas de incompatibilidade de acordo co establecido na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.
- b) Declaración xurada de non percibir prestación ou, no seu caso, de percibir algunha prestación social ou de calquer outro tipo

Ademáis, de saír elexido, terán que aportar certificado ou informe médico oficial de non padecer defecto físico nin enfermidade que impidan a realización das funcións a desempeñar.

### **4. TRIBUNAL CALIFICADOR.**

A selección dos aspirantes levarase a cabo por un Tribunal Cualificador que estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: María Cabodevila Ros (Secretaria do Concello de Oia)  
Suplente: Natalia Franco Fernández (Técnico de Administración Xeral do Concello do Rosal)  
Vocal: Nuria Ruibal Couto (Aparelladora do Concello de Oia)  
Suplente: María Xosé Álvarez Diego (Auxiliar Administrativa do Concello do Rosal)  
Secretaria: María del Carmen Novoa Álvarez (Administrativa do Concello de Oia)  
Suplenre: Aida Cabanelas Araújo (Tesoureira do Concello do Rosal)

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen asistencia de máis da metade dos seus membros. En todo isto, será preciso a asistencia do Presidente e do Secretario ou das persoas en quen deleguen.

O Tribunal calificador, limitarase a propoñer ao órgano competente para a contratación ás persoas que conforme ao baremo de méritos resulten coa maior puntuación, non tendo capacidade por si mesmo de adxudicar directamente os postos ofertados.

### **5. SISTEMA DE ACCESO.**

A selección ten dúas fases: fase de concurso, e fase de oposición, consistente na **realización dunha única proba, obrigatoria e eliminatoria.**

**A) FASE DE CONCURSO** ( máximo 5 puntos do total da puntuación a acadar):

- Por ser vítima de violencia de xénero: 1,5 **puntos**

Acreditarase coa sentenza xudicial ou orde de aloxamento.

- Por ser maior de 45 anos: 1,25 **puntos.**

Acreditarase coa copia do dni

- Se o/a candidato/a forma unha familia monoparental con fillos ó seu cargo: 1 **puntos.**

Acreditarase coa presentación do libro de familia

---

Concello de Oia

C/ Vista Alegre, nº 3, Oia. 36794 Pontevedra. Tfno. 986362125. Fax: 986362268



## Concello de Oia

---

- Por menor nivel de renda da unidade familiar, puntuarase segundo a seguinte táboa (datos de renda referidos ó ano 2014):

Se a renda é inferior a 2.000 € por membro	<b>0,75 puntos</b>
Se a renda é inferior a 3.000 € por membro	<b>0,50 puntos</b>
Se a renda é inferior a 4.000 € por membro	<b>0,25 puntos</b>
Se a renda é inferior a 5.000 € por membro	<b>0,15 puntos</b>

Acreditarase coa presentación da declaración do IRPF ou certificado de rendas (expedido pola delegación de facenda correspondente)

- Por existencia de responsabilidades familiares, por cada familiar a cargo do candidato que non teña rendas: **0,10 puntos, ata un máximo de 0,5 puntos**. En canto á existencia de responsabilidades familiares, entenderase por estas ter a cargo do/da desempregado/a ó cónxuxe, fillos e fillas menores de 26 anos, persoas maiores incapacitadas ou menores acollidos que non teñan rendas.

....Acreditarase mediante o libro de familia e declaración do IRPF de 2014 na que consten a cargo os familiares, certificado de convivencia, sentenza de separación ou divorcio, de se-lo caso e toda aquela documentación na que quede suficientemente acreditado a dependencia respecto do interesado

*O tribunal non admitirá ningún mérito alegado sen a correspondente acreditación documental, que terá que aportarse, necesariamente, no prazo concedido para tal fin nestas bases, sen que haxa lugar á subsanación de ningún tipo.*

**Debido á urxencia do proceso selectivo, a documentación acreditativa para a valoración da fase de concurso, aportarase ata o día 26 de outubro**

**B) FASE DE OPOSICIÓN:** consistirá na realización dunha **proba teórica**, con preguntas cortas, relacionadas co temario que se especifica para cada unha das categorías. Preténdese que, cada aspirante acredite os coñecementos que posúe en relación coas funcións e habilidades propias do posto ao que aspira.

Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso obter un mínimo de cinco (5,00) puntos para superala, accederán á contratación os aspirantes con maior puntuación, que serán os propostos polo tribunal para o nomeamento.

Durante a realización da proba práctica o tribunal de selección poderá formular as preguntas que considere oportunas, para unha mellor valoración das capacidades do aspirante.

Para a realización das probas prácticas, o Tribunal poderá asistirse dos asesores que considere adecuados.

**A data de realización das probas teóricas será o día 27 de outubro:  
Ás 9.30 horas para os/as candidatos do posto MOZO/A DE RECOLLIDA DE LIXO e ás 10.00 horas para os/as candidatos do posto de ALBANEL**

### **6. RELACIÓN DE APROBADOS**

Rematada a valoración da fase de concurso e da fase de oposición, o Tribunal

---

**Concello de Oia**

C/ Vista Alegre, nº 3, Oia. 36794 Pontevedra. Tfno. 986362125. Fax: 986362268



## Concello de Oia

---

Cualificador emitirá resolución facendo pública, no taboleiro de anuncios do Concello, a puntuación total de todos e cada un dos aspirantes; aínda que non se poderá formalizar proposta de contratación máis que a favor dos aspirantes con puntuación superior.

Os eventuais empates resolveranse dando prioridade ó candidato/a que mellor nota obteña na fase de oposición. De persistir o empate, resolverase coa mesma prioridade da fase de concurso

Antes de proceder á contratación do persoal seleccionado, requirirase da Oficina de Emprego a acreditación de que segue reunindo os requisitos necesarios para poder ser contratado (demandante de emprego, etc..), podendo o concello requirir outra documentación a maiores co obxecto de esclarecer o posible cobramento dalgunha prestación.

No caso de que a persoa seleccionada non reunise os requisitos necesarios para a contratación ou renunciase á mesma, poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo, situación que sucederá igual no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, posterior renuncia, etc. O concello poderá formalizar un novo contrato para substituír ó anterior polo tempo restante, sen que en ningún caso a duración total do contrato inicial e o do substituto poida exceder de dous meses.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo, o Sr. alcalde queda autorizado a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

Tendo en conta a proposta de nomeamento de Tribunal por Resolución de Alcaldía procederase ó nomeamento do/a aspirante seleccionado/a, que no prazo de 2 días hábiles terá que aportar **CERTIFICADO OU INFORME MÉDICO OFICIAL de non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico que lle incapacite para o exercicio das súas tarefas.**

Os/as restantes candidatos/as, pola orde da puntuación obtida poderán ser contratados/as no caso de vacantes sobrevidas.

### **7. IMPUGNACIÓNS E RECLAMACIÓNS**

A presente resolución e tódolos actos administrativos que se deriven desta, así como actuacións do tribunal de valoración, poderán ser impugnadas polos interesados na forma prevista legalmente na vixente Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

No non previsto nas presentes bases será de aplicación á lexislación básica estatal en materia de selección de persoal e a lexislación autonómica de desenrolo da mesma.

**SEGUNDO:** Convocar procedemento público e en cumprimento do acordo da xunta de goberno provincial do pasado 09.10.2015, e as bases reguladoras da convocatoria de subvención da Deputación Provincial para este fin, Plan de conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, formalizar a oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego.

---

Concello de Oia

C/ Vista Alegre, nº 3, Oia. 36794 Pontevedra. Tfno. 986362125. Fax: 986362268



## Concello de Oia

---

O que manda e asina o Sr. Alcalde-Presidente en funcións en Oia a 21 de outubro de 2015, ante mín a Secretaria. Dou fe.

A Alcaldesa

A Secretaria

Rosa María Otero Carballa

Asdo. María Cabodevila Ros

\*\* documento asinado á marxe dixitalmente

### **ANEXO I:**

#### **TEMARIO ALBANEIS.**

Tema 1.- A organización municipal: órganos e Competencias.

Tema 2.- Nocións básicas de seguridade e hixiene no traballo.

Tema 3.- Obrigas dos traballadores en materia de prevención de riscos laboráis.

Tema 4.- Coñecementos básicos de albañilería. Materíais de construción.

Tema 5.- Maquinaria, útiles e ferramentas de albañilería: uso e mantemento.

Tema 6.- Obras de albanelería.

Tema 7.- Coñecementos básicos de fontanería. Maquinaria, útiles e ferramentas do

---

**Concello de Oia**

C/ Vista Alegre, nº 3, Oia. 36794 Pontevedra. Tfno. 986362125. Fax: 986362268



## Concello de Oia

---

peón de fontanería: uso e mantemento

Tema 8.- Coñecementos básicos de xardinería. Maquinaria, útiles e ferramentas do peón de xardinería: uso e mantemento

Tema 9.- Coñecementos básicos de Limpeza. Maquinaria, útiles e ferramentas do peón de limpeza: uso e mantemento.

Tema 10.- Coñecementos básicos de pintura. Maquinaria, útiles e ferramentas de pintura: uso e mantemento.

### **TEMARIO PERSOAL DE RECOLLIDA DE LIXO**

Tema 1.- A organización municipal: órganos e Competencias.

Tema 2.- Nocións básicas de seguridade e hixiene no traballo.

Tema 3.- Obrigas dos traballadores en materia de prevención de riscos laboráis.

Tema 4.- Coñecementos básicos de Limpeza.

Tema 5.- Maquinaria, útiles e ferramentas de limpeza: uso e mantemento.

Tema 6.- Limpeza urbana. Tipos de ferramentas e utilización

Tema 7.-. Limpeza de Rúas e Sumidoiros

Tema 8. Residuos perigosos. Contenedores para residuos.

Tema 9. Elementos e coñecementos básicos da recollida de residuos urbanos

Tema 10. Aspectos ecolóxicos de la limpeza. A reciclaxe de residuos

### **DECLARACIÓN XURADA**

D.....  
veciño/a de ....., e DNI  
nº ....., e teléfono de contacto  
nº .....

DECLARO

---

**Concello de Oia**

C/ Vista Alegre, nº 3, Oia. 36794 Pontevedra. Tfno. 986362125. Fax: 986362268



## Concello de Oia

---

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario, do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Entidades Locais, nin atoparme inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

- Non atoparme inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas para sentenza firme e non estar incurso/a en causas de incompatibilidade de acordo co establecido na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

- Marque cun círculo ou cruz a que proceda:

- 1. Non ser perceptor/a de prestación ningunha.**
- 2. Ser perceptor/a dunha prestación social destinadas a garantir os recursos económicos mínimos de subsistencia (RISGA, RAI, PREPARA ou outra similar).**
- 3. Ser perceptor dunha prestación/axuda/subsidio, estatal ou autonómica, distinta das anteriores (desemprego, minusvalía, etc)**

O que declaro en Oia a ..... de..... de 2015